

Percusión con obxectos

Posto que este curso o de empregar instrumentos non vai ser doado, velaquí traio tres propostas para facer música con obxectos cotiáns que todos temos na clase ou en casa, concretamente: **rotuladores** (1º e 2º de EP), **caderno e lapis** (3º e 4º EP) e **culleres** (5º e 6º EP).




PERCUSIÓN CON ROTULADOR (1º E 2º EP)

Música empregada: I want to break free, de Queen.

Material do alumnado: Un rotulador.

Enlace ao vídeo: <https://www.youtube.com/watch?v=KYro5xPI-tE>

Preparación: Interpretaremos sen música os diferentes patróns rítmicos que aparecen no vídeo, todos eles consistentes en diversas combinacións de negra, silencio de negra e dobre corchea, golpeando co lapis de pé ou deitado, como nos indique o debuxo. Unha vez practicados, procedemos ao acompañamento.



PERCUSIÓN CON CADERNO E LAPIS (3º E 4º EP)

Música empregada: O ballet dos pitiños, de M. Moussorgsky.

Material do alumnado: Un caderno de espiral e dous lapis.

Enlace ao vídeo: <https://www.youtube.com/watch?v=cNj2AYR-Ixk>

Preparación: Proxectaremos as diferentes partes do acompañamento na pantalla e, sen música, as practicaremos aumentando progresivamente a velocidade con axuda dun metrónomo. Posteriormente procederemos ao acompañamento.



PERCUSIÓN CON CULLERES (5º E 6º EP)

Música empregada: Jump in the line, versión de Harry Belafonte

Material do alumnado: Dúas culleres.

Enlace ao vídeo: <https://www.youtube.com/watch?v=odjk4k9gJPU&t>

Preparación: Ensaiaremos a técnica das culleres con ritmos simples. Unha vez collido o truco, repasaremos os ritmos do acompañamento ata poder tocalos sobre a música. Podemos facer un grupo de nen@s por cada ostinato.

